



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 : 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail:sghn@sghn.org CIF: G15037211

1/1

Sra. Directora Xeral de Patrimonio Natural
Consellería de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas
Xunta de Galicia

Serafín J. González Prieto, en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural (en adiante SGHN), na súa cualidade de Presidente da asociación,

EXPÓN:

1. Que SGHN ven de coñecer diversos casos de afección á fauna durante as operacións de limpeza dos tanques de auga contra os incendios forestais. Hai que subliñar que en ocasións esa limpeza afecta a especies protexidas con poboacións en regresión tanto a nivel local como mundial (p.ex. anfibios) e tamén a outras especies sustento das anteriores e/ou que aproveitan os puntos de auga ao veren reducidos os seus hábitats.
2. Que a tal "limpeza", que puidera ser necesaria nalgúns casos, conleva a eliminación da cobertura vexetal que alimenta e acubilla ás especies presentes, o que debe ser tido en conta á hora de avaliar a necesidade dos traballos e de programar a súa realización.
3. Que SGHN ten constancia que, nalgúns poucos casos, voluntarios de maneira individual recollen a fauna previamente á limpeza e volven a soltala unha vez rematada a labor nos tanques.

Tendo en consideración o exposto, SGHN

SOLICITA:

1. Que previa á limpeza dos tanques de auga ou calquera outra actuación nos mesmos, se avalíe a fauna presente e se teña en conta á hora de decidir acometer ou non os traballos e, no seu caso, o xeito de executalos e o momento de facelo.
2. Que para protexer as poboacións de anfibios se procure realizar os traballos realmente precisos fóra do periodo no que poidan atoparse cágados nos tanques e cando os adultos se atopan en fase terrestre, p.e. de novembro a xaneiro.
3. Que a eliminación da vexetación e outra cobertura vexetal só se realice nos casos estritamente necesarios procurando o necesario uso da auga có mantemento da fauna presente.
4. Que se estableza un protocolo de actuación entre a Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e outros organismos que poidan ter competencia, a fin de preservar a fauna que habite e se reproduza nos tanques de auga, especialmente as especies que contén con calquera grao de protección. O devandito protocolo debería asismismo establecer as actuacións preventivas para evitar o risco de transmisión de enfermidades entre anfibios.
5. Que se forme no manexo desta fauna ás persoas encargadas dos traballos de limpeza, e contén coas autorizacións pertinentes para o dito manexo, ben individualmente ou de xeito colectivo.

Santiago de Compostela a 19 de xuño de 2018




Serafín González Prieto
Presidente de SGHN

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 20/06/2018 11:47:12

ENTRADA 14782 / RX 1659660

